

Regulamento do Servizo de Optometría para a Docencia e Investigación da USC

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é unha institución pública, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público mediante o estudo, a docencia, e investigación e a transferencia de coñecemento. No uso da súa autonomía e para o desenvolvemento das súas funcións, no ano 2001 a USC creou o Servizo de Optometría (SO) dentro do programa de calidade integral coa finalidade de promover a formación, investigación e transferencia de coñecementos no seu ámbito de actividade (optometría clínica e as súas especialidades: contactoloxía, rehabilitación visual, baixa visión, ...), ofrecendo, no seu caso, á comunidade universitaria e á sociedade unha atención especializada e de calidade con fins docentes, investigadores, de formación continua, asistenciais e sociais.

De acordo coa normativa estatal e autonómica sobre centros sanitarios, o SO, adscrito e integrado na área de coñecemento de Optometría, foi autorizado por resolución da Consellería de Sanidade o 12/01/2011 como centro sanitario acreditado, co número de rexistro C-15-002430, e inscrito no rexistro de Centros, Servizos e Establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia (segundo o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade), sendo o titular do SO a USC, como un centro tipo C.3.90 (outros servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria), cunha Oferta asistencial: U.900.50-Optometría.

Polo alcance da actividade do SO, xunto cos cambios normativos que se teñen producido dende a súa creación (Lei 44/2003, do 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias; Orde CIN/727/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Óptico-Optometrista), faise necesario a aprobación dun novo regulamento que contemple a súa natureza e funcionamento.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 11 de marzo de 2025, acordou a aprobación do Regulamento do Servizo de Optometría para docencia e investigación da Universidade de Santiago de Compostela.

Capítulo I - Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.



O presente regulamento ten por obxecto establecer as bases que rexen o funcionamento e xestión do Servizo de Optometría da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, SOUSC) como unidade especializada encargada da xestión integral da actividade clínica de Optometría para a docencia e como infraestrutura singular para a investigación.

Artigo 2. Natureza do Servizo.

O Servizo de Optometría configúrase como unha estrutura especializada de apoio á docencia e como infraestrutura singular de investigación en Optometría da Universidade de Santiago de Compostela, sen personalidade xurídica propia, e integrado na área de coñecemento de Optometría.

Artigo 3. Obxectivos.

O Servizo de Optometría ten como obxectivos:

- a) Favorecer e promover o desenvolvemento da investigación clínica no campo da optometría, e a transferencia de resultados.
- b) Garantir que o estudantado de óptica-optometría, tanto do grao como de posgrao, acade as competencias definidas nos seus plans de estudos, mediante a realización de prácticas en optometría clínica de atención primaria visual, baixo unha adecuada supervisión.
- c) Prestar servizos de atención optométrica de calidade, facilitando aos seus membros os medios necesarios para o desenvolvemento do labor asistencial en función das necesidades investigadoras e docentes.
- d) Prestar á comunidade universitaria e á sociedade, a través dos convenios oportunos, un servizo especializado de alto nivel nos ámbitos de aplicación da optometría, así como divulgación de campañas de saúde visual e ocular en atención primaria neste eido, tendo en conta, ademais, a súa faceta solidaria.
- e) Colaborar cos profesionais de optometría nas súas necesidades formativas e no seu labor asistencial, desenvolvendo os correspondentes convenios de colaboración co seu colexio profesional.

Artigo 4. Réxime xurídico.

O Servizo de Optometría rexerase polo disposto na lexislación universitaria vixente, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, pola normativa estatal e autonómica sobre centros sanitarios, polo presente regulamento así como por cantas disposicións lle resulten de aplicación consonte á lexislación vixente.

Artigo 5. Funcións.



Para acadar os obxectivos, o Servizo de Optometría da USC desenvolverá as seguintes funcións:

1. En relación coa investigación:

- a) Promover e fomentar o desenvolvemento de programas e proxectos de investigación no ámbito da optometría.
- b) Promover e fomentar a investigación interdisciplinar.
- c) Promover a transferencia de coñecemento á comunidade científica e á sociedade

Estas actividades quedarán reguladas nos protocolos que sexan elaborados pola Comisión Técnica do Servizo de Optometría.

2. En relación coas instalacións:

- a) Será responsable da súa xestión, equipamento e da súa conservación.
- b) Xestionará e, en particular, establecerá un calendario de uso, planificado para cada semestre, no que se dará prioridade á docencia regrada, despois á investigación e, por último, á formación permanente.
- c) Regulará o seu uso mediante un protocolo que será aprobado pola Comisión Técnica.
- d) Considerará tanto o uso por parte do persoal docente e investigador da propia USC, como o requirido por institucións ou profesionais externos en condicións que serán reguladas especificamente.
- e) Será responsable de cantas dependencias se necesiten para o desenvolvemento da actividade.

3. En relación coa comunidade universitaria e a sociedade:

Ofertará un servizo de atención visual primaria de calidade con finalidade investigadora, docente e de formación continua, e especificamente:

- a) Ao profesorado, ofertarlle a posibilidade de formación continua e de ampliación das súas liñas de investigación, así como de desenvolvemento e perfeccionamento de novas técnicas nos campos aplicados correspondentes á súa área de coñecemento.
- b) Ao persoal investigador e aos profesionais sanitarios, ofreceralle unha infraestrutura singular de apoio no seu labor aplicado, formativo e investigador.
- c) Ao estudantado de grao e máster, ofertarlle unha formación práctica intensa, específica, de calidade, acorde coa realidade das súas necesidades de formación.



Artigo 6. Sede.

O Servizo de Optometría terá a súa sede na Facultade de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela.

Capítulo II - Estrutura, organización e funcionamento do Servizo de Optometría**Artigo 7. Estrutura do Servizo de Optometría.**

Son órganos de goberno do Servizo de Optometría:

- A Dirección.
- A Comisión Técnica

Artigo 8. A Dirección do Servizo de Optometría.

1. A Dirección do Servizo de Optometría será nomeada pola Reitoría, por proposta da Área de Optometría, entre o seu profesorado con dedicación a tempo completo. Do seu nomeamento será informada a Comisión Técnica. Será nomeado por 4 anos prorrogables, asumindo funcións científicas e técnicas.

2. Son funcións da Dirección as seguintes:

- a) Exercer a dirección do servizo e representalo onde corresponda.
- b) Dirixir as reunións da Comisión Técnica do servizo e executar os seus acordos.
- c) Elaborar unha memoria anual sobre as actividades do Servizo que comprenderá, polo menos, as actividades docentes e investigadoras desenvoltas.
- d) Velar polo cumprimento das normas sobre prevención de riscos, en coordinación co Servizo de Prevención de Riscos da Universidade.
- e) Coordinar e organizar os medios materiais dos que dispoña o servizo.
- f) Calquera outra función que lle fora expresamente encomendada ou delegada pola Comisión Técnica.

Artigo 9. A Comisión Técnica do Servizo de Optometría

1. O Servizo de Optometría da USC contará cunha Comisión Técnica, que desenvolverá funcións de asesoramento e control no desenvolvemento das tarefas que o servizo ten encomendadas, así como establecerá os protocolos necesarios para a xestión das doazóns e o emprego das instalacións e dos medios materiais a disposición do servizo.



2. A Comisión Técnica do Servizo de Optometría estará composta por:

- a) O/a Decano/a ou persoa en quen delegue, que o presidirá.
- b) O/a Coordinador/a da Área de Optometría.
- c) O/a Director/a do Servizo de Optometría.
- d) Dous profesores da Área de Optometría membros do SO.
- e) Un representante do estudantado, membro da Xunta de Facultade de Óptica e Optometría.

Capítulo III - Intervención da comunidade universitaria

Artigo 10. Participación do persoal docente e investigador.

Todo o profesorado da área de Optometría, que posúa titulación que lle habilite para o exercicio profesional de óptico-optometrista, poderá desenvolver actividades asistenciais no Servizo, así como persoas investigadoras previo informe favorable da Comisión Técnica, para dar cumprimento á lexislación sanitaria.

Artigo 11. Participación do estudantado.

Os estudantado que poderán recibir formación práctica no SOUSC poderá ser:

- a) Estudantes do Grao en Óptica e Optometría e do máster en Optometría da USC
- b) Estudantes de grao doutras titulacións da área de coñecemento de Ciencias da Saúde impartidas na USC.
- c) Estudantes de cursos de posgrao da USC, organizados polos Departamentos de ámbitos de coñecemento de Ciencias da Saúde.
- d) Estudantes de cursos de posgrao, organizados por empresas do eido sanitario.

En todo caso, sempre estará presente un profesor adscrito á Área de Optometría como responsable da actividade práctica formativa.

O estudantado que realice actividades nas instalacións do SOUSC farao de acordo cos horarios e normas de funcionamento establecidas pola Comisión Técnica.

Artigo 12. Aplicación das normas deontolóxicas.

Todas as persoas que realicen actividades no Servizo de Optometría da USC actuarán conforme as pautas para o seu funcionamento establecidas pola Comisión Técnica.



Disposición derogatoria.

Este regulamento derroga o Regulamento do Servizo de Optometría da Universidade de Santiago de Compostela aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de abril de 2002 e calquera outra norma que se opoña ao seu contido.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro electrónico, logo da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

